

## Conferencia: 'Introducción al Bitcoin. Welcome to the Rabbithole'

**Data:** xoves, 15 abril, 2021 - 17:30 -  
19:00

**Lugar:** Evento virtual

**Poñente(s):** David Noya (FINSA, Financiera Maderera  
S.A.)

**Idioma:** Castelán

**Streaming:** [Segue este evento en directo](#)

### Obxectivo

O obxectivo principal desta techtalk é que a audiencia entenda os aspectos fundamentais e teña un primer acercamento ao Bitcoin, e en especial, ao seu rol como protocolo e tecnoloxía disruptiva, a Blockchain: qué problemas informáticos solucionou este protocolo, qué características aporta a tecnoloxía da Blockchain ao bitcoin como activo dixital, o contexto no que o protocolo foi liberado, entre outras cousas. Ademais, falaremos de outras cadeas de bloques que naceron despois de Bitcoin, e que habilitaron o concepto dos Smart Contracts e a revolución das aplicacións distribuídas, ou Dapps.



### Contido

- Bitcoin, a cadea de bloques
- Bitcoin, o activo dixital
- As cadeas de bloques alternativas: Ethereum
- Usos Actuais e Futuros das cadeas de bloques

### Sobre o Ponente

David Noya Hervás (Santiago, 1988) é Administrador / Arquitecto de Sistemas de profesión traballando na madeira Galega, FINSA. Apasionado das tecnoloxías en xeral, videoxogos e Blockchain en particular, de aquí a un tempo atrás comezou a divulgar sobre Blockchain e criptodivisas mediante distintas canles (Libro, artigos publicados, redes sociais, etc). Actualmente é socio de AGALBIT (Asociación Galega de Bitcoin e Internet of Things) e o host do seu propio canal de Youtube, onde intenta que todo aquel que decida ver os seu contido solte os prexuízos sobre Bitcoin e empece a investigar por sí mesmo.